



## CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



# **AXUDAS PARA PROXECTOS DE BIOMASA DESTINADOS A PARTICULARES.**

## **OBXECTO.-**

Os proxectos limitaríanse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante caldeiras que utilicen biomasa como combustible.

Os proxectos de biomasa que se subvencionaran son os do Grupo:

- B1 caldeiras que utilicen leña ,
- B2 (caldeiras de pellets con volume de acumulación de combustible inferior a 3000 l)
- B3 (caldeiras de pellets con volume de acumulación de combustible maior o igual a 3000 l).

## **ACTUACIÓN QUE SE SUBVENCIONAN.-**

1. Serán subvencionables:

- a) O equipamento principal de xeración enerxética.
- b) O custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción cinzas).
- c) Resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.
- d) O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- e) O custo do sistema de alimentación do combustible.
- f) O custo de montaxe e conexiónado.

2. Non son subvencionables:

- a) Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.
- b) Os gastos anteriores á presentación da solicitude.
- c) Equipamento e materiais de segunda man.
- d) As obras de mantemento e os gastos de alugamento.
- e) As taxas e licenzas administrativas.
- f) As condicións de distribución interior do calor e os equipamentos emisores, salvo cando estes sexan parte activa do circuíto de xeración térmica.

## **CONTÍA DA AXUDA.-**

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación. A contía máxima por proxecto será de 8.000 €.

## **FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.-**

1. As entidades colaboradoras adheridas son as encargadas de tramitar o procedemento (presentar a solicitude e a documentación xustificativa da actuación).

2. Cando o investimento sen IVE da actuación concreta que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario igual ou superior a 15.000 € o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, 3 ofertas de distintos provedores, tendo en conta que a oferta seleccionada corresponderá á da entidade colaboradora adherida encargada da tramitación da súa solicitude

## **LISTADO DE ENTIDADES COLABORADORAS.-**

<https://appsinega.xunta.es/entidadesBiomasa23/consulta23/>

**PRAZO PARA SOLICITAR: Dende o 01/03/2023 ata o 29 de Setembro de 2023.**

**PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO 981778169. (Lourdes).**